



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Métodos e recursos de investigación lingüística e a súa aplicación á lingua inglesa	Código	613505107		
Titulación	Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (2019)				
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Inglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Puente Castelo, Luís Miguel	Correo electrónico	luis.pcastelo@udc.es		
Profesorado	Puente Castelo, Luís Miguel	Correo electrónico	luis.pcastelo@udc.es		
Web	www.imaes.eu/?page_id=31				
Descrición xeral	Introducir ao alumnado na investigación e o estudo da lingua e a lingüística inglesas, axudándolles a desenvolver competencias profesionais útiles para o seu futuro en distintos ámbitos académicos ou de investigación. Os contidos deste curso facilitarán o proceso de realización de traballos académicos e do traballo fin de mestrado.				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas, con cambios na canle de comunicación (Correo electrónico, Moodle, Microsoft Teams)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Consultas por correo electrónico e Moodle e tutorías por Teams con cita previa</p> <p>4. Modificacións na avaliación As porcentaxes orixinais para cada item da avaliación manteranse, coas seguintes modificacións na modalidade de avaliación: ?Traballo Tutelado. O traballo será entregado a través de Moodle e a titorización realizase a través do correo electrónico, Moodle ou Microsoft Teams, e a presentación oral realizarase a través de Microsoft Teams</p> <p>*Observacións de avaliación: Sen observacións.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía. Sen cambios</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	E01 Coñecemento dos principais modelos de investigación lingüística.
A2	E02. Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.



A3	E03. Capacidade de reflexionar sobre os factores que condicionan a aprendizaxe e a adquisición do inglés como lingua estranxeira.
A4	E04. Coñecemento dos estudos de cognición e procesamento dentro da investigación na lingüística inglesa.
B1	CB6. Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
B2	CB7 Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B4	CB9. Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B5	CB10. Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B6	CX1. Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
B7	CX2. Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses
B8	CX3. Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B9	CX4. Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B10	CX5. Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses
B11	CX6. Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
B12	CX7. Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B13	CX8. Autonomía progresiva na aprendizaxe, procura propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.
B14	CX9. Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses
B15	CX10. Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Introducir ao estudantado na investigación da lingua e lingüística inglesas como actividade profesional, axudándolles a desenvolver competencias profesionais útiles para o seu futuro en diferentes ámbitos académicos e de investigación.		AI1	B11
		AI2	B12
		AI3	B14
		AI4	B15
			B16
			B17
			B18
			B19
			B110
			B111
			B112
			B113
			B114
			B115



Introducir ao estudantado nos principais factores relacionados coa metodoloxía da investigación da lingua e a lingüística inglesas, como a identificación de temas de investigación, a formulación de hipóteses de traballo, a selección de enfoque metodolóxico, o deseño da investigación, o tratamento de datos, os principais problemas metodolóxicos...	AI1 AI2	BI1 BI6 BI7 BI10 BI11 BI14
Introducir ao estudantado nos principais aspectos relacionados coa redacción, a presentación, a difusión e a publicación dos resultados de traballos de investigación da lingua e a lingüística inglesas. Os contidos deste curso están directamente relacionados e facilitan o proceso de realización de traballos académicos e do traballo de fin de master.	AI1 AI2	BI1 BI4 BI8 BI9 BI12 BI14 BI15
Presentar ao estudantado recursos e ferramentas útiles para a investigación da lingua e a lingüística inglesas, como as fontes de información, bases de datos, ferramentas, catálogos, etc.	AI2	BI6 BI8 BI10 BI13

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Manexo da bibliografía e das fontes documentais para a investigación lingüística	1.1 A búsqueda de información: bases de datos, catálogos, páxinas web, obras de referencia básica... 1.2 A xestión da bibliografía: métodos e ferramentas.
2. Metodoloxía e deseño da investigación	2.1 Identificación do tema ou nicho de investigación. 2.2 Formulación de hipóteses 2.3 Enfoque metodolóxico: 2.3.1 Métodos cuantitativos e cualitativos 2.4 Deseño da investigación 2.5 Obtención de datos 2.6 Tratamento dos datos 2.7 Erros e problemas metodolóxicos
3. Aspectos éticos e legais na investigación	3.1 Obtención de consentimentos 3.2 Tratamento de datos persoais 3.3 Propiedade intelectual 3.4 Malas prácticas en investigación e publicación académica
4. O traballo de investigación	4.1 Tipos de traballo de investigación 4.2 Partes no traballo de investigación 4.3 Linguaxe académica e convencións
5. Presentación de traballos de investigación	5.1 Presentacións orais 5.2 Posters 5.3 Material de apoio
6. A publicación de traballos de investigación	6.1 Formatos de publicación: artigos, capítulos de libro e monografías 6.2 Revistas e principais indicadores de calidade 6.3 Editoriais e principais indicadores de calidade 6.4 Preparación e envío de manuscritos 6.5 Revisión e publicación

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 B1 B5 B11 B15	5	11	16
Seminario	A1 A2 B11 B15	7	10	17
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 B2 B6 B10 B12 B13 B14 B15	0	30	30
Presentación oral	B4 B7 B8 B9 B11 B12 B15	0	10	10
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral coplementada co uso de medios audiovisuais.
Seminario	Aulas de carácter práctico nas que se estudan ou analizan en profundidade temas e casos.
Traballos tutelados	O alumnado deberá realizar un traballo de investigación. Con esta metodoloxía preténdese promover a aprendizaxe autónoma do estudantado baixo a supervisión do profesorado.
Presentación oral	Preparación da presentación na aula baseada no traballo tutelado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado recibirá atención personalizada para a realización do traballo tutelado e presentación oral. É importante que o alumnado informe o profesorado do traballo e avance que realice ao longo do curso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	A1 A2 B11 B15	Realización das tarefas que se propoñan ao longo do curso nas sesións presenciais ou a través de medios virtuais (plataforma virtual).	45
Sesión maxistral	A1 A2 B1 B5 B11 B15	Asistencia ás sesións maxistrais, seminarios e mesas redondas con participación e entrega de materiais propostos	15
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 B2 B6 B10 B12 B13 B14 B15	Elaboración dun traballo de investigación escrito e presentación oral na aula.	40

Observacións avaliación



OBSERVACIÓNS XERAIS

Para superar a materia é preciso realizar o traballo equivalente ou superior ao 50% das tarefas de avaliación. De non ser o caso, o/a alumno/a recibirá a cualificación de "non presentado?". Así mesmo, o alumnado que non complete o traballo tutelado será cualificado con "non presentado?".

O alumnado deberá preparar con antelación os exercicios e as lecturas recomendadas para a posterior discusión na aula. Así mesmo, o alumnado deberá comprobar de forma regular o curso virtual da materia e o correo electrónico, medios que se empregarán para o envío de información e para a comunicación de cambios de última hora.

Penalizaranse as malas prácticas académicas (copia, plaxio, autoplaxio, etc.). Os traballos escritos poderán ser revisados a través da aplicación Turnitin que detecta citas incorrectas, plaxio e outros tipos de fraude. Se isto ocorre, aplicaranse as normas contra o plaxio. Turnitin recoñece traballos previamente realizados por outras persoas (ou polo/a propio/a estudante) nesta universidade ou noutras, ademais doutros materiais localizados en Internet.

Todas as tarefas que forman parte da avaliación deben adecuarse aos requisitos mínimos de corrección lingüística (ortografía e gramática, puntuación, concordancia, precisión léxica, ou rexistro formal) propia do nivel en lingua inglesa esperado para o alumnado deste mestrado.

Deficiencias nesta área serán penalizadas na cualificación.

OPORTUNIDADE DE XULLO

O alumnado que non supere a materia en xaneiro terá outra oportunidade en xullo, seguindo o procedemento que se describe a continuación: 1) un traballo tutelado e a súa presentación oral (55%); 2) Tarefas que poidan suplir os exercicios realizados nos seminarios ao longo do curso (45%).

ALUMNADO CON DISPENSA

Aqueles alumnos que oficialmente teñan sido matriculados a tempo parcial, e teñan concedida unha dispensa académica, como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo. Os estudantes a tempo parcial que teñan concedida unha "dispensa académica" deben contactar co profesorado ao comezo do cuatrimestre para facer os axustes precisos nas distintas actividades. **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** Existe unha oficina (ADI) na universidade especializada en ofrecer atención aos membros da comunidade universitaria con necesidades especiais. O alumnado que o desexe pode poñerse en contacto coa ADI en <http://www.udc.es/cufie/uadi/>. Tamén no teléfono 5622 ou na dirección de correo: adi@udc.es.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Yáñez-Bouza, Nuria & Rob Drummod (2011). Handbook of study skills. Manchester: Department of Linguistics and English Language.
- Wray, Alison, Kate Trott & Aileen Bloomer (1998). Projects in linguistics. A practical guide to researching language. London: Arnold. (Later editions also available.)
- Sebba, Mark (2000). Focusing on language. A student's guide to research planning, data collection, analysis and writing up. Lancaster: Definite Article Publications.
- Litosseliti, Lia (ed). (2010). Research methods in linguistics. London: Continuum.
- Gibaldi, Joseph (2008). MLA style manual and guide to scholarly publishing. New York: Modern Language Association of America.
- Cottrell, Stella (2008). The study skills handbook.. Third edition. Basingstoke: Palgrave Macmillan.
- Krug, Manfred & Julia Schlüter (eds.) (2013). Research methods in language variation and change.. Cambridge: Cambridge University Press
- Podesva, Robert J. & Devyani Sharma. (2013). Research methods in linguistics. Cambridge: Cambridge University Press
- Sealey, Alison (2010). Researching English language. A resource book for students. London: Routledge
- (). Unified Style Sheet for Linguistics. <http://linguistlist.org/pubs/tocs/JournalUnifiedStyleSheet2007.pdf>

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías